



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	A Xunqueira I	Pontevedra	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
QUI	Química	CMQUI02	Operacións de laboratorio	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1259	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA GLORIA IGLESIAS CABANEIRO
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Centro les A Xunqueira I, é un centro de ensino secundario de Pontevedra, que acolle alumnado de diversa procedencia: Campaño, Campolameiro, Cotobade e algún alumnado do centro da cidade(en menor medida). Este alumnado cursa estudos de E.S.O. e Bacharelato. O alumnado do Ciclo Medio de Operacións de Laboratorio, ten unha procedencia moi diversa:Marín, Sanxenxo, Pontecaldeas, Pontevedra, etc..... fundamentalmente porque este ciclo impártese únicamente no noso centro, tomando como referencia Pontevedra Capital e os arredores.

O nivel académico do alumnado é medio-baixo, e normalmente coexisten alumnos que non teñen a ESO rematada (acceden por proba de acceso), outros que teñen o Graduado en Educación Secundaria e tamén alumnos que fixeron algún curso de Bacharelato.

Pontevedra, é unha cidade que ten un ámbito produtivo diverso, con unha estrutura administrativa e funcional importante, máis tamén ten un tecido industrial na que o alumnado deste ciclo pode atopar unha saída laboral; empresas como Celulosas, Viaqua, laboratorios de análise de augas, Empresas bodegueras, etc..., demandan este perfil de alumnado con está formación de Técnico de Laboratorio. Tamén a través de convenios coa Diputación, os alumnos poden facer prácticas noutros países (Italia, por exemplo), que enriquecen a súa formación.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvimento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvimento de cada unha

U.D.	Título	Descripción	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Emprendedor e idea emprendedora.	Calidades emprendedoras, risco empresarial,ideas emprendedoras.	10	16
2	A empresa e a súa contorna.	Contorna empresarial, o mercado, estudos de mercado, a oferta e a demanda, imaxe corporativa.	10	16
3	O plan de marketing.	Marketing, formas de marketing, a franquicia.	10	16
4	O plan operativo e de RRHH	Plan operativo e organización da empresa.	10	16
5	Constitución dunha empresa.	Forma xurídica e trámites de constitución.	10	16
6	Viabilidade dunha empresa.	Análise de custos, plan financeiro e plan de inversións.	13	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Emprendedor e idea emprendedora.	10

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícone o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora
CA1.4 Analízárónse as características das actividades emprendedoras no sector de química
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de operacións de laboratorio, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de operacións de laboratorio (materiais, tecnoloxía, organización da producción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector de química.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Contidos

Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.

Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.

Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito das operacións de laboratorio.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A empresa e a súa contorna.	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de operacións de laboratorio en función da súa posible localización
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa operacións de laboratorio e describiríronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de operacións de laboratorio, prácticas que incorporen valores éticos e sociais
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliação

CA2.10 Analízárónse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais

CA2.11 Describirónse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de operacións de laboratorio, e delimitáronse as relacóns de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial

CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing

CA2.12.1 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios e a responsabilidade social.

4.2.e) Contidos

Contidos

A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de operacións de laboratorio: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de operacións de laboratorio: clientela, provedores/as, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.

Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.

Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O plan de marketing.	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	NO

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing
CA2.12.2 Elaborouse un plan de marketing.
CA2.12.5 Coñecer que inclúe un plan de negocio e o plan de marketing.
CA2.12.6 Coñecese o funcionamento da franquicia.

4.3.e) Contidos

Contidos
Descripción dos elementos e estratexias do plan de producción e do plan de márketing.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O plan operativo e de RRHH	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacóns coa clientela, con provedores/as, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliação

CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing

CA2.12.3 Elaborouse un Plan Operativo.

CA2.12.4 Elaborouse un plan de Recursos Humanos.

4.4.e) Contidos

Contidos

Localización da empresa.

A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos disponibles. Externalización de actividades da empresa.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Constitución dunha empresa.	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	NO

4.5.d) Criterios de avaliação que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliação

CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial

CA3.2 Analízaronse as formas xurídicas da empresa e determináronse as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliação

CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de química.

CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida

CA3.5 Diferencióuse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa

CA3.6 Identifícaronse os trámites exixidos pola legislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica

CA3.7 Identifícaronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa

CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións

4.5.e) Contidos

Contidos

Formas xurídicas das empresas.

Responsabilidade legal do empresariado.

A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.

Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.

Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.

Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Viabilidade dunha empresa.	13



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analízárónse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de operacións de laboratorio tendo en conta a súa localización
CA4.1 Analízárónse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais
CA4.2 Describirónse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coas operacións de laboratorio, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais)
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de operacións de laboratorio, e describirónse os circuitos que recorre esa documentación na empresa
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analízouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial

4.6.e) Contidos

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de operacións de laboratorio.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de química.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de operacións de laboratorio: documentos administrativos e documentos de pagamento.



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Contidos

Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliação positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIGIBLES.

Os mínimos exigibles son os marcados no apartado 4.c. da programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Para superar o módulo o alumno ou alumna debe obter unha cualificación igual ou superior a 5, que se calcula:

60 % Probas escritas.

30 % Probas Prácticas: Traballos, actividades.

10% Actitude.

Realizarase unha proba escrita por avaliação, e debe ter unha cualificación igual ou superior a 4,5 sobre 10 para facer a media coa parte práctica, na que tamen farase a media a partir do 4,5. Para aprobar terá que ter unha nota igual ou superior ao 5 sobre 10, na media das partes.

Se un alumno ou alumna é sorprendido copiando nunha proba escrita, realizaráselle unha nova proba da materia a exame, de tipo oral e na mesma data, sempre que o horario o permita, realizándose o antes posible en caso contrario, na sesión lectiva inmediatamente posterior do módulo correspondente.

Si se decretase un novo confinamiento parcial o total debido a Covid-19, seguiranse os mesmos criterios de avaliação, impartíndose a materia correspondente a cada módulo no horario establecido usando as ferramentas disponíveis e a aula virtual do Centro.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos e alumnas que non acadan unha cualificación igual a 5 nas avaliações farán unha recuperación en xaneiro da primeira avaliação e outra en marzo da segunda.

Se non acadan o 5 de media terán unha nova proba escrita de recuperación en xuño que versará sobre a unidade ou unidades didácticas onde non se logrou a cualificación igual ou superior a 5 e terán que presentar



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

os traballos nos cales as cualificacións obtidas foron inferiores a 5.

Co gallo de aumentar o nivel de logro unha vez finalizada a segunda avaliación e antes da proba de recuperación, realizarase unha sesión de repaso dos contidos mais relevantes por unidade didáctica.

As probas de recuperación das partes pendentes poden coincidir coa data do exame final do módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

PERDA DE DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA.

Conforme o artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito a avaliación continua nun determinado módulo será do 10% sen xustificar respecto da súa duración total. No caso do módulo de Empresa e Iniciativa emprendedora son horas que se corresponde con 6 sesiós de 50 minutos.

O número de faltas que se admiten neste módulo son un máximo de 6.

Para os efectos da determinación da perda de avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente proxecto funcional do centro.

Os criterios aplicados serán:

- So se consideran xustificadas aquelas faltas por causa maior (citación no xulgado, exames oficiais, ...) debendo aportarse a correspondente xustificación e motivos laborais debidamente xustificados.
- A xustificación debe realizarse nun prazo inferior a 3 días despois da reincorporación do alumno a clase.
- Dada a situación actual as faltas debidas ao COVI-19, serán xustificadas e non se terán en conta para a perda da avaliación.

PROBA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba final extraordinaria, en xuño, e terá que presentar tódolos traballos pedidos durante o curso.

A proba final extraordinaria será a realización dunha proba escrita que versará sobre os contidos tratados durante o curso.

De non poderse facer presencial farase a través dunha plataforma nun tempo determinado.



ANEXO XIII

MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Segundo o apartado 5 do artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011, realizarase mensualmente o seguimento da programación do módulo, nel reflíctese o grao de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razoada en caso de desviación. Este seguimento realizarase a través da plataforma dixital e debe revisarse por parte do departamento e constar na acta das reunións que correspondan.

Este seguimento a través da aplicación informática permítenos ir analizando en cada unidade non so o cumprimento, senón tamén en como foi o desenvolvemento da mesma, si se cumpliu ou non a temporalización, e anotar propostas de mellora tanto globalmente coma a nivel de cada actividade. A aplicación permite tamén sacar un informe do seguimento para o seu posterior análise.

É tamén moi importante a opinión do alumnado que obteremos a partir da recompilación de información durante o desenvolvemento das diferentes unidades didácticas e a final de curso mediante a realización dunha enquisa anónima.

Os obxectivos desta avaliación da práctica docente son comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como proponer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Co gallo de coñecer as características e a formación previa do alumnado realizarase tal e como marca o artigo 28 da Orde do 12 de xullo de 2011, unha vez iniciado o curso académico unha avaliación inicial do alumno, esta avaliación será guiada polo tutor do curso.

No módulo que nos ocupa Empresa e Iniciativa Emprendedora a primeira unidade didáctica ademais de servir coma introdución a materia, serve para avaliar ao alumnado en relación a conceptos previos para o correcto desenvolvemento do módulo como son a utilización de recursos informáticos, mediante a observación da realización das diferentes tarefas por parte do alumno podemos detectar aqueles que teñen algún tipo de carencia. Todas estas observacións exporanse na sesión de avaliación inicial, para de ser o caso adoptar as medidas oportunas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De acordo co artigo 61 do decreto 114/2010 do 1 de xullo e o artigo 15 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado con necesidades educativas especiais, con arranxo a o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta da establecida con carácter xeral, estó poderá ser levado a cabo en función dos datos obtido na valiación inicial e informes asociados e sempre coa colaboración do Departamento de Orientación Educativa e Inspección Educativa.

**ANEXO XIII**
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Como docentes temos o labor de adaptar o noso ensino a todos e cada un dos nosos alumnos e alumnas, incluíndoos dentro da actividade ordinaria do grupo, pero á vez prestándolle directa ou indirectamente atención más individualizada a aqueles que o necesiten. Isto implica que debemos estar dispostos a variar tanto o nivel dos contidos como as exposicións didácticas en función das necesidades específicas da aula, é dicir, a assumir que temos tantas realidades distintas como alumnos e alumnas haxa na aula. Para sacar o mellor de cada un deles e lograr que progresen, cada quen segundo as súas posibilidades, faremos unha exposición aberta como o que segue:

- Adaptaremos as primeiras explicacións de cada unidade didáctica ao nivel dos alumnos e alumnas con maiores dificultades.
- Reforzaremos, contidos estudiados en etapas anteriores, facilitando así a asimilación dos de cada unidade.
- Proporemos actividades de reforzo para os alumnos e alumnas con formación máis deficiente nesta área, á vez que ampliaremos algún aspecto da materia para aqueles máis adiantados ou que chegaron ao ciclo con mellor preparación.
- Introduciremos exemplos, problemas e actividades variadas e graduadas en dificultade, accesibles á maioría do alumnado, e adecuadas aos distintos niveis.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

Cando se leva a cabo un proceso de ensino e aprendizaxe, buscamos non so a adquisición dunhas competencias profesionais no alumnado, senón tamén a adquisición dunhas competencias persoais e de relación coa contorna dos alumnos e alumnas. Por iso durante o desenvolvemento das unidades didácticas trataremos as diferentes tarefas de modo que:

- Fomentemos a igualdade de xénero, utilizando unha linguaxe non sexista tanto oral como escrita, na análise de actividades e traballos tanto na aula como no laboratorio ou fora do centro...
- Fomentemos a tolerancia no respecto de ideas, opinións e ideoloxías dos alumnos e alumnas, a valoración das achegas dos compañeiros/as e o traballo en equipo...

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non se propoñen actividades complementarias.